

# Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

## Presentación

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE) da Universidade de Vigo no Campus universitario de Ourense oferta as titulacións da Universidade de Vigo tanto a nivel grao como a nivel máster que estean relacionadas coa enxeñaría aeroespacial ou aeronáutica.

Máis información relativa ao Centro e as súas titulacións atópase neste documento ou na páxina web (http://aero.uvigo.es).

## Enderezo

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Pavillón Manuel Martínez-Risco
Campus universitario
32004 Ourense

Tel.: +34 988 368 823
Web: http://aero.uvigo.es

## Normativa e lexislación

Atópase a información dispoñible na páxina web do Centro (http://aero.uvigo.es no apartado Escola -> Normativa).

# Grao en Enxeñaría Aeroespacial

## Materias

### Curso 1

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| O07G410V01101 | Matemáticas: Cálculo I | 1c | 6 |
| O07G410V01102 | Matemáticas: Álxebra lineal | 1c | 6 |
| O07G410V01103 | Física: Física I | 1c | 6 |
| O07G410V01104 | Informática: Informática | 1c | 6 |
| O07G410V01105 | Expresión gráfica: Expresión gráfica | 1c | 6 |
| O07G410V01201 | Matemáticas: Cálculo II | 2c | 6 |
| O07G410V01202 | Física: Física II | 2c | 6 |
| O07G410V01203 | Química: Química | 2c | 6 |
| O07G410V01204 | Empresa: Administración da tecnoloxía e a empresa | 2c | 6 |
| O07G410V01205 | Tecnoloxía aeroespacial | 2c | 6 |

**Curso 2**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| O07G410V01301 | Matemáticas: Métodos matemáticos | 1c | 6 |
| O07G410V01302 | Enxeñaría eléctrica | 1c | 6 |
| O07G410V01303 | Termodinámica | 1c | 6 |
| O07G410V01304 | Ciencia e tecnoloxía dos materiais | 1c | 6 |
| O07G410V01305 | Mecánica clásica | 1c | 6 |
| O07G410V01401 | Matemáticas: Estatística | 2c | 6 |
| O07G410V01402 | Mecánica de fluídos | 2c | 6 |
| O07G410V01403 | Electrónica e automática | 2c | 6 |
| O07G410V01404 | Transporte aéreo e sistemas embarcados | 2c | 6 |
| O07G410V01405 | Resistencia de materiais e elasticidade | 2c | 6 |

**Curso 3**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| O07G410V01501 | Fabricación aeroespacial | 1c | 6 |

**Curso 4**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| O07G410V01701 | Dirección e xestión de proxectos | 1c | 6 |
| O07G410V01901 | Sistemas de navegación | 2c | 6 |
| O07G410V01903 | Materiais para a industria aeroespacial | 2c | 6 |
| O07G410V01904 | Sistemas en tempo real | 2c | 6 |
| O07G410V01905 | Meteoroloxía | 2c | 6 |
| O07G410V01910 | Sistemas da xestión da información | 2c | 6 |
| O07G410V01913 | Tecnoloxías para conformado de materiais aeroespaciais | 2c | 6 |

**Curso 3**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| O07G410V01921 | Mecánica de sólidos e estruturas aeronáuticas | 1c | 9 |
| O07G410V01922 | Mecánica de fluídos II e CFD | 1c | 9 |
| O07G410V01923 | Aerodinámica e aeroelasticidade | 2c | 9 |

**Curso 4**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| O07G410V01924 | Mecánica do voo | 1c | 6 |

**Curso 3**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| O07G410V01925 | Enxeñaría de sistemas e comunicacións aeroespaciais | 2c | 6 |
| O07G410V01931 | Aerorreactores e motores alternativos aeronáuticos | 1c | 6 |
| O07G410V01932 | Deseño mecánico, MEF e vibracións | 2c | 9 |
| O07G410V01933 | Vehículos espaciais | 2c | 6 |

**Curso 4**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| O07G410V01934 | Aeronaves de á fixa e rotatoria | 1c | 9 |
| O07G410V01935 | Mantemento e certificación de vehículos aeroespaciais | 1c | 9 |

**Curso 3**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| O07G410V01941 | Cálculo numérico | 1c | 6 |
| O07G410V01942 | Aleacións e materiais compostos aeroespaciais | 2c | 9 |
| O07G410V01943 | Mecánica analítica e orbital | 2c | 6 |

**Curso 4**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| O07G410V01944 | Control e optimización | 1c | 6 |
| O07G410V01945 | Sistemas de propulsión | 1c | 6 |
| O07G410V01946 | Vehículos aeroespaciais | 1c | 6 |
| O07G410V01981 | Prácticas en empresas | 2c | 6 |
| O07G410V01991 | Traballo de Fin de Grao | 2c | 12 |

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Matemáticas: Cálculo I** | | | | |
| Materia | Matemáticas: Cálculo I | | | |
| Código | O07G410V01101 | | | |
| Titulación | Grao en Enxeñaría Aeroespacial | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly<br>Galego<br>Inglés | | | |
| Departamento | Matemática aplicada II | | | |
| Coordinador/a | Area Carracedo, Iván Carlos | | | |
| Profesorado | Area Carracedo, Iván Carlos | | | |
| Correo-e | area@uvigo.gal | | | |
| Web | http://area.webs.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | O obxectivo desta materia é que o estudantado adquira o dominio das técnicas básicas de cálculo diferencial nunha e en varias variables e de cálculo integral nunha variable que son necesarias tanto para outras materias da titulación como para o exercicio profesional.<br><br>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2 | Planificación, redacción, dirección e xestión de proxectos, cálculo e fabricación no ámbito da enxeñaría aeronáutica que teñan por obxecto, de acordo cos coñecementos adquiridos segundo o establecido no apartado 5 da orde CIN/308/2009, os vehículos aeroespaciais, os sistemas de propulsión aeroespacial, os materiais aeroespaciais, as infraestruturas aeroportuarias, as infraestruturas de aeronavegación e calquera sistema de xestión do espazo, do tráfico e do transporte aéreo. |
| C1 | Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que poidan exporse na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: álxebra lineal; xeometría; xeometría diferencial; cálculo diferencial e integral; ecuacións diferenciais e en derivadas parciais; métodos numéricos; algorítmica numérica; estatística e optimización. |
| C32 | Coñecemento adecuado e aplicado á Enxeñaría de: Os métodos de cálculo e de desenvolvemento dos materiais e sistemas da defensa; o manexo das técnicas experimentais, equipamento e instrumentos de medida propios da disciplina; a simulación numérica dos procesos físico-matemáticos máis significativos; as técnicas de inspección, de control de calidade e de detección de fallos; os métodos e técnicas de reparación máis adecuados. |
| D1 | Capacidade de análise, organización e planificación |
| D3 | Capacidade de comunicación oral e escrita na lingua nativa |
| D4 | Capacidade de aprendizaxe autónoma e xestión da información |
| D5 | Capacidade de resolución de problemas e toma de decisións |
| D6 | Capacidade de comunicación interpersoal |
| D8 | Capacidade de razoamento crítico e autocrítico |

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|
| Coñecemento e comprensión dos principais conceptos e técnicas do Cálculo diferencial nunha e varias variables asi como do cálculo integral nunha variable e a integración numérica | A1 B2 C1 C32 D1 D3 D4 D5 D6 D8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Tema | |
| Sucesións e series. | Sucesións e series. Converxencia. Series numéricas de termos positivos. Criterios de converxencia. Series de potencias. |
| Funcións dunha variable. | Funcións reais dunha variable real. Límites. Continuidade. |

| | |
|---|---|
| Derivabilidade de funcións dunha variable | Teoremas do valor medio. Desenvolvementos limitados e fórmula de Taylor. Extremos. |
| Integración de funcións dunha variable real. | Primitivas. Integral definida. Teorema fundamental do cálculo. Aplicacións xeométricas. Integración numérica |
| Funcións de varias variables reais. | O espazo euclidiano n-dimensional. Funcións de varias variables. Límites. Continuidade. Diferenciabilidade. Desenvolvemento e fórmula de Taylor. Extremos relativos. Extremos condicionados. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Lección maxistral | 18 | 36 | 54 |
| Resolución de problemas | 14 | 26.6 | 40.6 |
| Actividades introdutorias | 1 | 1.4 | 2.4 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 5 | 9.5 | 14.5 |
| Prácticas con apoio das TIC | 12 | 24 | 36 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2.5 | 0 | 2.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | O profesor exporá nas clases teóricas os contidos da materia. O estudantado terá textos básicos de referencia para o seguimento da materia. |
| Resolución de problemas | O profesor resolverá problemas e exercicios tipo de forma manual e o estudantado terá que resolver exercicios similares para adquirir as capacidades necesarias. |
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o estudantado, así como a presentar a materia. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | O estudantado terá que resolver exercicios de forma autónoma para comprobar a adquisición das competencias. |
| Prácticas con apoio das TIC | Utilizaranse ferramentas informáticas para resolver problemas e exercicios e aplicar os coñecementos obtidos nas clases de teoría. O estudantado terá que resolver exercicios similares para adquirir as capacidades necesarias. |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | O profesor atenderá persoalmente as dúbidas e consultas do alumnado. Atenderanse dúbidas de xeito presencial, en especial durante as clases de problemas e laboratorio e en titorías, como de forma non presencial polos sistemas telemáticos dispoñibles para a materia. |
| Resolución de problemas | O profesor atenderá persoalmente as dúbidas e consultas do alumnado. Atenderanse dúbidas de xeito presencial, en especial durante as clases de problemas e laboratorio e en titorías, como de forma non presencial polos sistemas telemáticos dispoñibles para a materia. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Resolución de problemas de forma autónoma | Como parte das probas de avaliación, realizaranse unha proba escrita ao rematar a primeira parte da materia (sucesións e series) para avaliar a resolución de exercicios e/ou problemas de forma autónoma, que suporá o 20% da cualificación. Realizarase outra proba escrita ao rematar a segunda parte da materia (cálculo nunha variábel) tamén para avaliar a resolución de exercicios e/ou problemas de forma autónoma que suporá o 30% da cualificación. | 50 | A1 | B2 | C1<br>C32 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D6<br>D8 |
| Prácticas con apoio das TIC | Avaliaranse as prácticas a partir da segunda sesión, cun 10% da cualificación por este apartado pola totalidade das prácticas da segunda á sexta sesión. | 10 | | B2 | C1<br>C32 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D8 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Farase un exame final sobre os contidos da totalidade da materia. | 40 | A1 | B2 | C1<br>C32 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D8 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

O/a estudante ten dereito a optar pola avaliación global segundo o procedemento e o prazo que estableza o centro para cada convocatoria.
A cualificación final para alumnado con avaliación continua calcúlase do seguinte xeito

- 20% cunha proba escrita ao rematar a primeira parte da materia relativa a sucesións e series
- 30% cunha proba escrita ao rematar a parte relativa a cálculo dunha variábel
- 10% como resultado das prácticas da segunda á sexta
- 40% cun exame final sobre os contidos da totalidade da materia

Para superar a materia será necesario obter no exame final un mínimo do 30% do máximo da cualificación en cada unha das tres partes nas que se divide a materia, nomeadamente: sucesións e series, cálculo nunha variábel, e cálculo diferencial de varias variábeis. No caso de non chegarse ao dito 30% nunha das partes pero a nota obtida da ponderación fose igual ou superior a 5 puntos, a nota que figurará na acta será de 4.9 (suspenso/a).
O sistema de avaliación da segunda oportunidade é o mesmo que o da primeira oportunidade, manténdose as cualificacións obtidas correspondentes á resolución de problemas, asistencia, participación e/ou exercicios e de prácticas.
No caso de non asistentes e de convocatoria extraordinaria e fin de carreira, o 100% da nota corresponderá a un exame final no que se avaliarán as competencias da materia.
O calendario de probas de avaliación aprobado oficialmente pola Xunta de Centro da EEAE atópase publicado na páxina web http://aero.uvigo.es/gl/docencia/exames
A duración máxima dun exame será de 3 horas se non hai pausa ou de 5 horas se hai unha pausa intermedia (sendo 3 horas o máximo para cada parte)
Compromiso ético:"Espérase que o estudantado presente un comportamento ético axeitado. En caso de detectar un comportamento ético non axeitado (copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados, e outros) considerarase que o/a alumno/a non reúne os requisitos necesarios para superar a materia. Neste caso a cualificación global no presente curso académico será de suspenso (0.0). No caso de ser necesario, poderase realizar un novo exame para verificar a adquisición de competencias e coñecementos por parte do alumnado implicado."

Lémbrase a prohibición do uso de dispositivos móbiles ou computadores portátiles en exercicios e prácticas dado que o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, establece no seu artigo 13.2.d), relativo aos deberes dos estudantes universitarios, o deber de :

"Absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da universidade".

Durante as probas da materia non está permitido na aula ningún tipo de reloxos, dispositivos que emitan ou reciban radiofrecuencias, teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico, agás os  explicitamente aprobados pola dirección da escola por razóns médicas de xeito individual, na correspondente resolución á solicitude de adaptación do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo. Durante as probas todo o estudantado deberá manter os pavillóns auditivos despexados para verificar que non usan dispositivos non permitidos.

No caso de que se detecte algún alumno ou alumna con material non permitido durante calquera proba, copiando, tentando copiar ou simplemente co material na aula, será motivo de medida disciplinaria. Despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e a súa avaliación final será de 0 puntos.

**Bibliografía. Fontes de información**

**Bibliografía Básica**


J. Burgos, **Cálculo Infinitesimal de una variable**, McGraw-Hill, 2007
J. Burgos, **Cálculo Infinitesimal de varias variables**, McGraw-Hill, 2008
R. Larson et al., **Cálculo 1**, McGraw-Hill, 2010
R. Larson et al., **Cálculo 2**, McGraw-Hill, 2010
J. Rogawski, **Cálculo. Una variable**, Reverté, 2012
J. Rogawski, **Cálculo. Varias variables**, Reverté, 2012


**Bibliografía Complementaria**


A. García et al., **Cálculo I**, CLAGSA, 2007
A. García et al., **Cálculo II**, CLAGSA, 2002


**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Matemáticas: Cálculo II/O07G410V01201

Física: Física II/O07G410V01202
Tecnoloxía aeroespacial/O07G410V01205

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Física: Física I/O07G410V01103
Informática: Informática/O07G410V01104
Matemáticas: Álxebra lineal/O07G410V01102

**Outros comentarios**

O horario de titorías publicarase en https://area.webs.uvigo.es/titorias/ Desde a dita páxina será posible reservar titorías.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Matemáticas: Álxebra lineal** | | | | |
| Materia | Matemáticas:<br>Álxebra lineal | | | |
| Código | O07G410V01102 | | | |
| Titulación | Grao en<br>Enxeñaría<br>Aeroespacial | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly<br>Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Matemáticas | | | |
| Coordinador/a | López Pedrares, Javier | | | |
| Profesorado | López Pedrares, Javier | | | |
| Correo-e | javier.lopez.pedrares@uvigo.gal | | | |
| Web | http://aero.uvigo.es/gl/ | | | |
| Descrición xeral | Esta materia enmárcase dentro da materia Matemáticas e impártese no primeiro semestre do primeiro curso. As outras materias de Matemáticas son: Cálculo I, no primeiro semestre do primeiro curso e Cálculo II no segundo semestre do primeiro curso. Nela adquírense competencias da álxebra lineal, sendo unha parte delas fundamentais para as outras materias de Matemáticas.<br><br>A materia ten carácter de formación básica. Proporciona a base matemática a distintas disciplinas no ámbito da enxeñaría aeronáutica como son o cálculo e fabricación de vehículos e a simulación numérica. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2 | Planificación, redacción, dirección e xestión de proxectos, cálculo e fabricación no ámbito da enxeñaría aeronáutica que teñan por obxecto, de acordo cos coñecementos adquiridos segundo o establecido no apartado 5 da orde CIN/308/2009, os vehículos aeroespaciais, os sistemas de propulsión aeroespacial, os materiais aeroespaciais, as infraestruturas aeroportuarias, as infraestruturas de aeronavegación e calquera sistema de xestión do espazo, do tráfico e do transporte aéreo. |
| C1 | Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que poidan exporse na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: álxebra lineal; xeometría; xeometría diferencial; cálculo diferencial e integral; ecuacións diferenciais e en derivadas parciais; métodos numéricos; algorítmica numérica; estatística e optimización. |
| C32 | Coñecemento adecuado e aplicado á Enxeñaría de: Os métodos de cálculo e de desenvolvemento dos materiais e sistemas da defensa; o manexo das técnicas experimentais, equipamento e instrumentos de medida propios da disciplina; a simulación numérica dos procesos físico-matemáticos máis significativos; as técnicas de inspección, de control de calidade e de detección de fallos; os métodos e técnicas de reparación máis adecuados. |
| D1 | Capacidade de análise, organización e planificación |
| D3 | Capacidade de comunicación oral e escrita na lingua nativa |
| D4 | Capacidade de aprendizaxe autónoma e xestión da información |
| D5 | Capacidade de resolución de problemas e toma de decisións |
| D6 | Capacidade de comunicación interpersoal |
| D8 | Capacidade de razoamento crítico e autocrítico |

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| Coñecemento e comprensión dos principais conceptos, técnicas e métodos numéricos da Álxebra Lineal. | A1 | B2 | C1<br>C32 | D1<br>D3 |
| Capacidade para aplicalos a outras ramas das Matemáticas e das Ciencias da Enxeñaría. | | | | D4<br>D5<br>D6<br>D8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Tema | |
| BLOQUE I | 1. Números complexos.<br>2. Sistemas de ecuacións lineais. |

| | |
|---|---|
| BLOQUE II | 3. Espazos vectoriais<br>4. Aplicacións lineais e matrices. |
| BLOQUE III | 5. Espazos vectoriais euclideanos.<br>6. Diagonalización. Aplicacións ortogonais |
| BLOQUE IV | 7. Métodos numéricos: resolución de sistemas de ecuacións lineais. Cálculo de autovalores. Descomposición en valores singulares. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 1 | 1 | 2 |
| Lección maxistral | 18 | 37 | 55 |
| Resolución de problemas | 27 | 30 | 57 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 2 | 9 | 11 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 2 | 8 | 10 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2.5 | 12.5 | 15 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o estudantado, así como a presentar a materia. |
| Lección maxistral | Exposición dos contidos da materia por parte do docente que se ilustran con numerosos exemplos e aplicacións. |
| Resolución de problemas | Formulación, análise, resolución e debate dun problema ou exercicio relacionado coa materia impartida para ilustrar e completar a explicación de cada lección. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Proporanse exercicios e problemas que os estudantes deben resolver en grupo utilizando aprendizaxe colaborativa como metodoloxía integrada. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | |

**Atención personalizada**

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Atención e resolución de dúbidas ao alumnado en relación ás diferentes actividades da materia. |
| Lección maxistral | Atención e resolución de dúbidas ao alumnado en relación ás diferentes actividades da materia. |
| Resolución de problemas | Atención e resolución de dúbidas ao alumnado en relación ás diferentes actividades da materia. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Atención e resolución de dúbidas ao alumnado en relación ás diferentes actividades da materia. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | |
| **Probas** | **Descrición** |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Antes da realización da proba ou exame, atención e resolución de dúbidas ao alumnado en relación ás diferentes actividades da materia. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Resolución de problemas de forma autónoma | Proba parcial sobre os contidos correspondentes aos dous primeiros bloques (sesións maxistrais e resolución de problemas) | 30 | A1 | B2 | C1<br>C32 | D3<br>D4<br>D5<br>D8 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Proba parcial sobre os contidos correspondentes aos dous últimos bloques (sesións maxistrais e resolución de problemas) | 30 | A1 | B2 | C1<br>C32 | D3<br>D4<br>D5<br>D8 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Exame final no que se recollerán os contidos correspondentes ás sesións maxistrais e a resolución de problemas de toda a materia.<br><br>Duración: 2.5 horas | 40 | A1 | B2 | C1<br>C32 | D3<br>D4<br>D5<br>D8 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA A PRIMEIRA OPORTUNIDADE**

Seguindo o método da avaliación continua:

Se un estudante non se presenta a proba parcial ou o exame final, asignaráselle unha cualificación de 0 puntos nela.

P1: Nota da proba parcial 1;
P2: Nota da proba parcial 2;
F: Nota do exame final.

No caso de acadar como mínimo un 4.5 no exame final, a cualificación en actas será:

máx(F, 0.3*P1 + 0.3*P2 + 0.4*F)

No caso de non acadar como mínimo un 4.5 no exame final, a cualificación en actas será:

mín(4.5, máx(F, 0.3*P1 + 0.3*P2 + 0.4*F))

Seguindo o método da avaliación global:

A calificación será a puntuación no exame final.

O/a estudante ten dereito a optar pola avaliación global segundo o procedemento e o prazo que estableza o centro para cada convocatoria. Nótese que debido á natureza das fórmulas de avaliación, non é necesario que o alumno tome ningunha decisión.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA A SEGUNDA OPORTUNIDADE E A CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (FIN DE CARREIRA)**

Farase unha proba con tódolos contidos da materia e a puntuación acadada será a cualificación final.

**DATAS DE AVALIACIÓN**

As probas parciais realizaranse dentro do horario lectivo.

As datas do exame final e da proba correspondente a segunda edición de actas serán as fixadas no calendario de probas de avaliación aprobado oficialmente pola Xunta de Centro da EEAE que se atopa publicado na páxina web http://aero.uvigo.es/gl/docencia/exames

**Bibliografía. Fontes de información**

**Bibliografía Básica**

González, R., **Álxebra linear**, 8481589195, 1ª ed, Universidade de Vigo, 2021
Grossman, S. I., **Álgebra lineal**, 978-607-15-0760-0, 7ª, S.A. Mc Graw Hill, 2012
Hernández, E., **Álgebra y Geometría**, 978-84-7829-129-8, 3ª, Addison-Wesley, 2012
Lay, D. C., **Álgebra lineal y sus aplicaciones**, 978-607-32-1398-1, 4ª ed, Pearson, 2012
Merino, L.; Santos, E., **Álgebra Lineal con métodos elementales**, 978-84-9732-481-6, 1ª ed, Paraninfo, 2006

**Bibliografía Complementaria**

Baker, R.; Kuttler, K., **Linear algebra with applications**, 978-981-4590-53-2, 1st ed, World Scientific, 2014
Burgos, Juan de, **Álgebra lineal y geometría cartesiana**, 978-8448149000, 3ª ed, S.A. Mc Graw Hill, 2006
Castellet, M. ; Llerena, I., **Álgebra Lineal y Geometría**, 978-84-291-5009-4, 1ª ed, Reverté, 1991
Lipschutz, S., **Álgebra Lineal**, 0-07-038007-4, 2ª ed, S.A. Mc Graw Hill, 1992

**Recomendacións**

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Física: Física I** | | | | |
| Materia | Física: Física I | | | |
| Código | O07G410V01103 | | | |
| Titulación | Grao en Enxeñaría Aeroespacial | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly<br>Castelán | | | |
| Departamento | Física aplicada | | | |
| Coordinador/a | Lorenzo González, María de las Nieves | | | |
| Profesorado | Cabrera Crespo, Alejandro Jacobo<br>Fernández Nóvoa, Diego<br>Lorenzo González, María de las Nieves<br>Thomas , Brieuc | | | |
| Correo-e | nlorenzo@uvigo.es | | | |
| Web | http://aero.uvigo.es/ | | | |
| Descrición xeral | Nesta materia daranse as bases fundamentais da mecánica, en particular da mecánica clásica. A Mecánica é a rama da física adicada ao estudo do comportamento dos corpos en repouso ou en movemento.<br>Dentro da materia de Física I estudaremos os principios básicos da mecánica clásica que serán estudados con máis profundidade en segundo coa materia de Mecánica Clásica. En Física I estudaremos tanto os fundamentos da cinemática como da dinámica.<br>A cinemática adícase ao estudo do movemento dos corpos, sen ter en conta as causas que provocan o devandito movemento. É dicir, a cinemática serve para responder a pregunta de Como se move un corpo?, pero non Por que se move o devandito corpo?. Poderíase dicir que a cinemática adícase a 'describir' o movemento, pero non nos di porque o corpo se move. Doutra banda, a dinámica adícase ao estudo das causas que provocan o movemento dos corpos, e á evolución que sofre o estado de movemento do devandito corpo. É dicir, poderiamos dicir que a diferenza da cinemática, a dinámica si nos responde a pregunta de Por que este corpo móvese?.<br>Esta materia é fundamental xa que todos os demais fenómenos que se irán estudando con posterioridade relacionados co comportamento dos corpos en repouso ou en movemento basean os seus principios nesta física.<br>Materia do programa English Friendly. Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|
| Código |

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|

| Contidos | |
|---|---|
| Tema | |
| 1) Cálculo vectorial básico | - Álxebra vectorial.<br>- Coordenadas rectangulares, cilíndricas e esféricas. |
| 2) Cinemática | - Sistemas de referencia, traxectoria, velocidade e aceleración.<br>- Movemento rectilíneo e curvilíneo.<br>- Aceleracións tanxencial e normal |
| 3) Movemento relativo | - Traslación<br>- Rotación<br>- Compoñentes da aceleración. |
| 4) Leis de Newton | - Forza, principio de superposición de forzas.<br>- Primeira lei de Newton ou lei de inercia.<br>- Segunda lei de Newton. Masa e peso.<br>- Terceira lei de Newton.<br>- Momento lineal. Principio de conservación do momento lineal.<br>- Momento angular.<br>- Traballo e enerxía. |
| 5) Sistema de partículas | - Forzas exteriores e interiores.<br>- Momento e impulso lineal. Choques.<br>- Centro de masas. Forzas externas e movemento do centro de masas.<br>- Momento lineal. Momento angular. Traballo e enerxía dun sistema de partículas |

| | |
|---|---|
| 6) Sólido Ríxido | - Concepto de sólido ríxido. Centro de masas.<br>- Momento de inercia. Radio de xiro.<br>- Movemento de traslación.<br>- Movemento de rotación arredor dun eixe fixo.<br>- Movemento de rodadura |
| 7) Estática da partícula e do sólido ríxido | - Ecuacións xerais do equilibrio do sólido ríxido.<br>- Sistemas de forzas.<br>- Estabilidade |
| 8) Estática de fluídos | - Densidade e presión hidrostática.<br>- Principio de Arquímedes.<br>- Tensión superficial. Capilaridade. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Lección maxistral | 32 | 64 | 96 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 3 | 6.5 | 9.5 |
| Metodoloxías baseadas en investigación | 1 | 4 | 5 |
| Instrucción programada | 0 | 5 | 5 |
| Prácticas de laboratorio | 12 | 0 | 12 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2.5 | 0 | 2.5 |
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas | 0 | 6 | 6 |
| Autoavaliación | 0 | 12 | 12 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Lección maxistral | Exporanse os contidos teóricos e aplicaranse para a solución de problemas concretos |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Os/as estudantes deben solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios. |
| Metodoloxías baseadas en investigación | Mellora o procesamento da información en dominios específicos recorrendo a actividades de investigación científica. |
| Instrucción programada | Consiste na presentación dunha materia dividida en varias unidades didácticas, de menor tamaño, con cuestións ao finalizar cada unidade didáctica co fin de afianzar os coñecementos adquiridos. Estas actividades pódense realizar de forma presencial ou virtual. |
| Prácticas de laboratorio | Levaranse a cabo prácticas de laboratorio relacionadas cos contidos principais do curso. A súa realización é imprescindible para superar a materia. |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Prácticas de laboratorio | Nas prácticas de laboratorio farase un seguimiento personalizado de cada estudante guiándoo/a en todo momento para alcanzar os obxectivos. |
| Metodoloxías baseadas en investigación | Programaranse sesións de titoría para que o alumnado poida resolver as súas dúbidas |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías baseadas en investigación | O alumnado exporá o resultado das súas investigacións. Pode contar ata un 15% da nota final. | 15 | |
| Prácticas de laboratorio | Avaliaranse mediante avaliación continua. A nota das prácticas pode contar ata un 15% da nota total da materia como máximo.<br>As prácticas avaliaranse mediante: i) avaliación continua durante a realización das prácticas e entrega de resultados, e ii) exame tipo test.<br>A realización e superación das prácticas é condición indispensable para aprobar a materia.<br>As faltas de asistencia debidamente xustificadas compensaranse con outras tarefas. | 15 | |

| | | |
|---|---|---|
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Haberá un exame onde se avaliará o aprendido a través de problemas e cuestións e poderá valer ata un 40% da nota final. A nota do exame deberá ser de 5 sobre 10 para poder aprobar a asignatura.<br>En caso contrario estará suspenso/a. | 40 |
| Autoavaliación | O alumnado poderá contestar ao final de cada tema un cuestionario tipo test e/ou resolver problemas que pode supoñer ata un 10% da nota final. | 10 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | A metade do temario levarase a cabo unha pequena proba de avaliación que consistirá na resolución de problemas e/ou cuestións. Esta proba pode contar ata un 20% da nota final. A nota do exame de desenvolvemento poderá ser de 4 sobre 10 para promediar co resto das notas se o alumno supera a proba de resolución de exercicios con polo menos o 50% da nota. | 20 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

O sistema de avaliación de segunda oportunidade é o mesmo que o de primeira oportunidade, manténdose as cualificacións obtidas correspondentes ás metodoloxías baseadas en investigación, a resolución de problemas e/ou exercicios e ás prácticas.

Datas de avaliación:

O calendario de exames aprobado oficialmente pola Xunta de Centro atópase publicado na páxina web: http://aero.uvigo.es/gl/docencia/exames

Deberán realizarse as prácticas de laboratorio para poder presentase á convocatoria de segunda oportunidade.

Aqueles/as estudantes que non poidan asistir ás clases deberán avisar ao profesorado. Neste caso o exame contará un 85% da nota e as prácticas un 15%

En resumo:

Do 100% da nota da materia temos:

- Exame: ata un 40% . É necesario sacar un 5 sobre 10 no exame para aprobar a materia.

- Test de autoavaliación: ata un 10%.

- Prácticas de laboratorio: ata un 15%. É obrigatorio aprobar as prácticas para aprobar a materia.

- Traballos de investigación: ata un 15%.

-Proba de avaliación de problemas e/ou exercicios: ata un 20%.

Avaliación para estudantes que non opten por unha avaliación continua.

- Exame/exames: ata un 85% debe sacarse un mínimo de 5 sobre 10 para aprobar a materia.

- Prácticas de laboratorio: ata un 15%. É obrigatorio aprobar as prácticas para aprobar a materia.

**MOI IMPORTANTE:**

Para poder sumar todas as porcentaxes, o/a estudante debe sacar como mínimo 5 sobre 10 na nota do exame. No caso de non chegar ao 5 no exame, a nota que figurará na acta será a nota do exame. A duración do exame final será de 2.5 horas aproximadamente.

No caso de que o/a estudante consiga un 50% ou máis da nota na proba de avaliación de resolución de problemas e/ou exercicios, chegaralle con sacar como mínimo un 4 sobre 10 na nota do exame para poder sumar todas as porcentaxes. No caso de non chegar ao 4 no exame, a nota que figurará na acta será a nota do exame.

O estudantado suspenso en primeira oportunidade non asistente a clase poderase presentar na convocatoria de segunda oportunidade a un exame que cobre todo o contido da materia, sempre que realizase as prácticas de laboratorio.

En casos especiais nos que por motivos xustificados e previamente notificados os/as estudantes non poidan asistir ás prácticas, nin participar na avaliación continua o 100% da nota corresponderá a un exame final no que se avaliarán todas as competencias da materia.

**Convocatoria fin de carreira:** O/A estudante que opte por examinarse en fin de carreira será avaliado unicamente co exame (que valerá o 100% da nota). En caso de non asistir ao devandito exame, ou non aprobalo, pasará a ser avaliado do

mesmo xeito que o resto do alumnado

En caso de detección de plaxio en calquera das probas, a cualificación final será de SUSPENSO (0) e o feito será comunicado á dirección do Centro para os efectos oportunos.

**Avaliación Global:** O/A estudante ten dereito a optar pola avaliación global segundo o procedemento e o prazo que estableza o centro para cada convocatoria.

**USO DA IA:** Ante indicios fundados de uso indebido da IA o profesorado pode inadmitir traballos, solicitar probas adicionais ou remitir o caso ao procedemento administrativo disciplinario correspondente. Calquera uso da IA en traballos académicos debe ser declarado, indicando a ferramenta utilizada, a función realizada e o alcance da súa intervención e que parte do traballo é de autoría humana.

**NOTA IMPORTANTE PARA EXAMES:**

O estudantado non poderá acceder á aula con teléfono móbil, reloxo ou calquera outro dispositivo electrónico activado. De darse o caso, poderá ser obxecto de medida disciplinaria (expulsión da aula, cualificación do exame con 0 puntos ou anulación total da proba). Tampouco poderá utilizar ningún dispositivo de escoita non autorizados

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica


Sears-Zemansky, **Física Universitaria Volumen I**, 12ª, Addison-Wesley, 2009

Alcaraz i Sendra O., López López J., López Solana Vicente, **Física. Problemas y ejercicios resueltos**, 1ª, Pearson Prentice Hall, 2006


### Bibliografía Complementaria


Serway R.A., Jewett J.W., **Física para ciencias e ingeniería**, 7ª, Cengage Learning, 2008

Tipler, Paul Allen, **Física**, 5ª, Reverte, 2003

Ferdinand P. Beer ; E. Russell Johnston, Jr. ; Elíiot R. Eisenberg, **Mecánica vectorial para ingenieros (Estática)**, 8ª, McGraw-Hill Interamericana, 2007

Ferdinand P. Beer ; E. Russell Johnston, Jr. ; Phillip J. Cornwell, **Mecánica vectorial para ingenieros (Dinámica)**, 9ª, McGraw-Hill Interamericana, 2010

Burbano de Ercilla, Santiago, Burbano García, Enrique y Carlos Gracia Muñoz, **Problemas de Física**, 27ª, Tébar, 2006

Hugh D. Young, Roger A. Freedman, **Sears and Zemansky's university physics : with modern physics**, 13ª, Addison-Wesley, 2012


## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Física: Física II/O07G410V01202

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Matemáticas: Cálculo I/O07G410V01101
Matemáticas: Álxebra lineal/O07G410V01102

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Informática: Informática** | | | | |
| Materia | Informática: Informática | | | |
| Código | O07G410V01104 | | | |
| Titulación | Grao en Enxeñaría Aeroespacial | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Informática | | | |
| Coordinador/a | Pérez Pérez, Martín | | | |
| Profesorado | Pérez Pérez, Martín | | | |
| Correo-e | martiperez@uvigo.gal | | | |
| Web | http://moovi.uvigo.gal | | | |
| Descrición xeral | Nesta materia establécense os contidos básicos de informática e de introdución á programación necesarios para os graduados e graduadas en Enxeñaría Aeroespacial. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| C3 | Coñecementos básicos sobre o uso e programación dos computadores, sistemas operativos, bases de datos e programas informáticos con aplicación en enxeñaría. |
| D1 | Capacidade de análise, organización e planificación |
| D2 | Liderado, iniciativa e espírito emprendedor |
| D3 | Capacidade de comunicación oral e escrita na lingua nativa |
| D4 | Capacidade de aprendizaxe autónoma e xestión da información |
| D5 | Capacidade de resolución de problemas e toma de decisións |
| D6 | Capacidade de comunicación interpersoal |
| D8 | Capacidade de razoamento crítico e autocrítico |
| D9 | Capacidade de traballo en equipo de carácter interdisciplinar |

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|
| Coñecemento, comprensión e aplicación das técnicas de programación básicas e do seu uso na resolución dos modelos numéricos da Enxeñaría. | A1 | C3 | D4<br>D5<br>D9 |
| Coñecemento comprensión e aplicación sobre a metodoloxía da programación (datos e operacións básicas, programación modular, operacións de entrada-saída, etc.). | A1 | C3 | D1<br>D2<br>D4<br>D5<br>D6<br>D8<br>D9 |
| Coñecemento básico sobre os sistemas operativos e as linguaxes de programación, orientados fundamentalmente á formulación e implementación de métodos numéricos específicos en enxeñaría. | A1 | C3 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D9 |

| Contidos | |
|---|---|
| Tema | |
| Introdución á informática | Hardware: compoñentes e conceptos básicos<br>Conceptos básicos de software<br>Sistemas operativos<br>IA xerativa e ferramentas de apoio á programación<br>Seguridade informática<br>Redes de computadores, bases de datos e big data |

| | |
|---|---|
| Conceptos de programación básicos | Tipos de linguaxes de programación: baixo e alto nivel<br>Variables<br>Métodos e funcións<br>Control de fluxo<br>Entrada/saída |
| Conceptos de programación avanzados | Tipos de datos avanzados<br>Excepcións<br>Manexo de ficheiros |
| Programación orientada á resolución de modelos numéricos usados na enxeñaría | Bibliotecas matemáticas<br>Representación gráfica |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 0.5 | 0 | 0.5 |
| Lección maxistral | 24.5 | 46 | 70.5 |
| Prácticas con apoio das TIC | 18 | 40 | 58 |
| Prácticas de laboratorio | 6 | 8.5 | 14.5 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 1 | 3 | 4 |
| Exame de preguntas obxectivas | 2.5 | 0 | 2.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Presentación da materia: obxectivos, competencias que deberá adquirir o estudantado, contidos, sistema de avaliación. Formación de grupos de traballo. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dos traballos, exercicios ou proxectos a desenvolver polo estudantado. |
| Prácticas con apoio das TIC | Resolución de exercicios formulados nas sesións prácticas, a partir dos coñecementos traballados. |
| Prácticas de laboratorio | Desenvolvemento de programas e documentos no que o estudantado reflicte as características dos traballos realizados. O estudantado debe describir as tarefas e procedementos desenvolvidos, mostrar os resultados ou observacións realizados, así como a análise e o procesamento de datos. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Actividade na que os/as estudantes analizan e resolven problemas e/ou exercicios relacionados coa materia de forma independente. |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Prácticas con apoio das TIC | Os e as estudantes terán un seguimento continuo e unha atención personalizada a través das clases de resolución de exercicios e control dos traballos realizados. Tamén poderán asistir, se o desexan, a titorías personalizadas. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Os e as estudantes poderán asistir, se o desexan, a titorías personalizadas. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Prácticas con apoio das TIC | Asistencia e participación activa.<br><br>Resultados previstos avaliados: RA1, RA2, RA3 | 5 | | | D2<br>D3<br>D6<br>D9 |
| Prácticas de laboratorio | Probas de avaliación individuais en computador ao longo do curso, consistentes na resolución de pequenos problemas de programación. Os e as estudantes deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos prácticos da materia de forma autónoma.<br><br>-PUNTUACIÓN MÍNIMA: media de 4 (sobre 10)<br><br>Resultados previstos avaliados: RA1, RA2 | 65 | A1 | C3 | D1<br>D2<br>D4<br>D5<br>D8 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Resolución de problemas de forma autónoma | Actividade avaliable de carácter individual consistente na resolución autónoma de problemas, exercicios, pequenos programas e/ou documentos relacionados cos contidos da materia. Esta actividade poderá desenvolverse durante as sesións presenciais ou fóra da aula, segundo a programación docente e as indicacións do profesorado. O profesorado poderá requirir evidencias razoables de autoría, comprensión e capacidade de explicación das solucións entregadas, incluíndo a súa revisión, defensa ou comprobación durante as sesións presenciais. A utilización de medios, ferramentas ou materiais non autorizados rexerase polo establecido na normativa académica aplicable e nas condicións específicas de avaliación da materia.<br><br>Resultados previstos avaliados: RA1, RA2, RA3 | 5 | A1 | C3 | D1<br>D4<br>D5<br>D6<br>D9 |
| Exame de preguntas obxectivas | Proba/s de avaliación que valoran os coñecementos adquiridos por parte do alumnado, aplicando de forma autónoma os contidos teóricos da materia. A proba levará a cabo na data establecida no calendario oficial de exames.<br><br>-PUNTUACIÓN MÍNIMA: media de 4 (sobre 10)<br><br>Resultados previstos avaliados: RA1, RA2, RA3 | 25 | A1 | C3 | D3<br>D4<br>D5<br>D8 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

**SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA**

- O alumnado ten dereito a optar pola avaliación global segundo o procedemento e o prazo que estableza o centro para cada convocatoria. O sistema de avaliación por defecto para todo o alumnado é o de avaliación continua (artigo 19 do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do alumnado, aprobado no Claustro o 18 de abril de 2023). Polo tanto, enténdese que, se cada estudante non comunica ao equipo docente a súa intención de acollerse á modalidade global dentro dos prazos establecidos para iso, opta de maneira implícita pola avaliación continua.
- O alumnado que se presente a calquera das probas enténdese que se acolle ao procedemento de avaliación continua descrito anteriormente.
- Se un/unha estudante non se presenta a algunha das probas sen xustificante, asignaráselle unha cualificación de 0 nela.
- Se se abandona a avaliación continua tras ter sido obxecto de avaliación nalgún contido da materia, considerarase suspensa a convocatoria e non se poderá optar nela polo sistema de avaliación global.

**SISTEMA DE AVALIACIÓN GLOBAL**

Posto que **o sistema de avaliación por defecto é o de AVALIACIÓN CONTINUA**, considérase que todo o alumnado matriculado opta polo devandito sistema. No caso de querer ser avaliado mediante o sistema de AVALIACIÓN GLOBAL, "*unha vez superado o prazo dun mes desde o comezo do cuadrimestre, habilitarase un prazo de 5 días hábiles para que o alumnado matriculado na materia manifeste, formalmente, a súa intención de acollerse ao sistema de AVALIACIÓN GLOBAL*)."

==========

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 1ª OPORTUNIDADE**

- **Sistema de avaliación continua:** O alumnado que opte pola modalidade de avaliación continua será avaliado de maneira continua mediante a realización de probas e actividades, desenvolvidas ao longo do cuadrimestre, aplicando os criterios xerais de avaliación descritos no apartado anterior. **O alumnado que se presente a calquera das probas enténdese que se acolle ao procedemento de avaliación continua descrito anteriormente**. O sistema de avaliación continua consta das seguintes partes:
    - **Avaliación teórica:**
        - **Descrición**: Exame de preguntas obxectivas sobre conceptos teóricos e resolución de exercicios. **Metodoloxía(s) aplicada(s)**: Exame de preguntas obxectivas.
        - **% Cualificación**: 25%
        - **Mínimo**: Para a superación desta parte da materia deberá obterse unha cualificación igual ou superior a 4 puntos (sobre 10).
        - **RFAs avaliados**: A1, C3, D3, D4, D5, D8.

        - **Resultados previstos avaliados**: RA1, RA2, RA3.

    - **Avaliación práctica**:

        - **Descrición**: Actividades avaliables de carácter individual desenvolvidas en ordenador ao longo do curso, orientadas á resolución de pequenos problemas de programación. O alumnado deberá aplicar de maneira autónoma os coñecementos e competencias prácticas adquiridos na materia para dar resposta ás tarefas propostas. A avaliación práctica realizarase mediante tres probas individuais, ponderadas da seguinte forma:

            - Primeira proba práctica: (0%-10%)/65%
            - Segunda proba práctica: (20%-30%)/65%
            - Terceira proba práctica: (30%-40%)/65%

        - Por razóns de calendario académico, organización docente ou outras circunstancias sobrevidas, o número concreto de probas poderá modificarse, podendo realizarse dúas probas ao longo do cuadrimestre, sen que iso altere o peso total asignado a esta parte da avaliación (65%). En todo caso, ningunha proba práctica individual poderá ter unha ponderación superior ao 40%.
        - **Metodoloxía(s) aplicada(s)**: Prácticas de laboratorio
        - **% Cualificación**: 65%
        - **% Mínimo**: Para a superación desta parte da materia deberá obterse unha cualificación igual ou superior a 4 puntos (sobre 10).
        - **RFAs avaliados**: A1, C3, D1, D2, D4, D5, D8.
        - **Resultados previstos avaliados**: RA1, RA2.

    - **Participación activa**:

        - **Descrición**: Avaliación da participación, implicación e traballo continuado do alumnado durante o desenvolvemento das actividades prácticas de programación realizadas ao longo do curso. **O alumnado debe subir obrigatoriamente unha fotografía de carné ao perfil de Moovi como parte da súa implicación na materia (durante o primeiro mes)**, participar activamente nas clases prácticas mediante a entrega das súas actividades e colaborar de maneira activa na resolución de exercicios no laboratorio de prácticas. Valorarase o seguimento regular.
        - **Metodoloxía(s) aplicada(s)**: Aprendizaxe activa.
        - **% Cualificación**: 5%
        - **RFAs avaliados:** D2, D3, D6, D9.
        - **Resultados previstos avaliados:** RA1, RA2, RA3.

    - **Resolución de problemas de forma autónoma:**

        - **Descrición**: Avaliación da participación, implicación e traballo continuado do alumnado durante o desenvolvemento das actividades prácticas de programación realizadas ao longo do curso.
        - **Metodoloxía(s) aplicada(s):** Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
        - **% Cualificación**: 5%
        - **RFAs avaliados:** A1, C3, D1, D4, D5, D6, D9.
        - **Resultados previstos avaliados:** RA1, RA2, RA3.

- **Sistema de avaliación global:** O alumnado que opte pola modalidade global será avaliado **cun exame final único** (100% da nota) que abranguerá todos os contidos traballados ao longo do cuadrimestre, aplicando os seguintes criterios xerais de avaliación. Do mesmo xeito que no caso anterior, o sistema de avaliación global consta de dúas partes: *(i)* exame de preguntas obxectivas e *(ii)* proba práctica de laboratorio:

    - **Avaliación teórica:**

        - **Descrición**: Exame de preguntas obxectivas sobre conceptos teóricos e resolución de exercicios. **Metodoloxía(s) aplicada(s)**: Exame de preguntas obxectivas.
        - **% Cualificación**: 35%
        - **Mínimo**: Para a superación desta parte da materia deberá obterse unha cualificación igual ou superior

a 4 puntos (sobre 10).
        - **RFAs avaliados:** A1, C3, D1, D3, D4, D5, D8.
        - **Resultados previstos avaliados:** RA1, RA2, RA3.

    - **Proba de programación** Avaliación práctica:
        - **Descrición**: Proba individual en ordenador de resolución de pequenos problemas de programación.
        - **Metodoloxía(s) aplicada(s)**: Prácticas de laboratorio
        - **% Cualificación**: 65%
        - **% Mínimo**: Para a superación desta parte da materia deberá obterse unha cualificación igual ou superior a 4 puntos (sobre 10).
        - **RFAs avaliados:** A1, C3, D1, D2, D3, D4, D5, D6, D8, D9.
        - **Resultados previstos avaliados:** RA1, RA2.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2ª OPORTUNIDADE, CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA E FIN DE CARREIRA:**

Na segunda oportunidade (xuño-xullo) e na convocatoria de fin de carreira empregarase o sistema de avaliación global exposto anteriormente. **Competencias avaliadas:** as mesmas que no sistema de avaliación continua. **Resultados de aprendizaxe avaliados**: os mesmos que no sistema de avaliación continua.

**CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN (PROCESO DE CUALIFICACIÓN DE ACTAS):**

Independentemente do sistema de avaliación e da convocatoria, para superar a materia cada estudante debe obter, como nota final, unha cualificación igual ou superior a 5. Se nos bloques de *Prácticas de laboratorio* e/ou *Exame de preguntas obxectivas* cada estudante obtén unha nota inferior a 4, aínda que a nota media sexa igual ou superior a 5, a materia estará suspensa e a cualificación final que figurará na acta será Suspenso (4).

**==========**

**PROCESO DE CUALIFICACIÓN DE ACTAS**

Independentemente do sistema de avaliación e da convocatoria, no caso de non superar algunha parte da avaliación, pero de que a puntuación global fose superior a 4 (sobre 10), a cualificación en actas será 4.

**DATAS DE AVALIACIÓN**

As probas parciais realizaranse dentro do horario lectivo. As datas do exame final e da proba correspondente á segunda edición de actas serán as fixadas no calendario de probas de avaliación aprobado oficialmente pola Xunta de Centro da EEAE, que se atopa publicado na páxina web http://aero.uvigo.es/gl/docencia/exames/

**USO DE DISPOSITIVOS MÓBILES**

Lémbrase a todo o alumnado a prohibición do uso de dispositivos móbiles en exercicios e prácticas, en cumprimento do artigo 13.2.d) do Estatuto do Estudantado Universitario, relativo aos deberes do estudantado universitario, que establece o deber de "*absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da universidade*."

**COMPROMISO ÉTICO**

Espérase que cada estudante presente un comportamento ético adecuado e lémbrase ao alumnado que a fraude académica, como copiar en probas de avaliación ou plaxiar traballos, pode constituír unha infracción grave ou moi grave, segundo o establecido na Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria (artigo 11.g). No caso de detección de plaxio ou copia en calquera das probas, a cualificación final será de SUSPENSO (0) e o feito será comunicado á dirección do Centro para os efectos oportunos.

Non se pode fotografar un exame sen permiso do persoal docente e, en caso de facelo, poñerase un cero na correspondente convocatoria. Tampouco se pode fotografar o que escriba o profesorado da materia nos encerados durante as clases nin gravar (audio e/ou vídeo) as clases teóricas, as prácticas ou as titorías.

**USO DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL**

- A IA está prohibida en todas as probas de avaliación, tanto continuas como globais.
- A IA está permitida para o apoio de todas as actividades docentes non avaliables.

**CONSULTA/SOLICITUDE DE TITORÍAS**

As titorías poden consultarse a través da páxina persoal do profesorado, accesible a través de https://www.uvigo.gal/es/node/236361.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

### Bibliografía Complementaria


Bahit, Eugenia, **Curso Python para principiantes**, 1207302042960, Buenos Aires: Safe Creative, 2012

González Duque, Raúl, **Python para todos,**, Creative Commons, 2008

Summerfield, Mark, **Python 3**, 978-84-415-2613-6, Anaya Multimedia, 2009

Juan Weber, **Fundamentos de informática**, 978-987-572-173-5, Jorge Sarmiento Editor - Universitas, 2021

Guttag, John V, **Introduction to computation and programming using Python**, 978-0262542364, MIT Press, 2013

Guardati Buemo, Silvia; Cairó Battistutti, Osvaldo, **Aprende a programar en Python : de cero al infinito**, 978-84-267-3489-1, Primera edición, Marcombo, 2023

Moreno Pérez, Juan Carlos, **Fundamentos de hardware**, 978-84-9171-294-7, Síntesis, 2019

Verdegay Galdeano, José Luis, **Inteligencia artificial para aprendices, escolares, noveles, principiantes y público en general**, 978-84-338-7359-0, Editorial Universidad de Granada, 2024

Python Software Foundation, **The Python Tutorial**, Python Software Foundation, 2026


## Recomendacións

### Outros comentarios

RECOMENDACIÓNS

Recoméndase que o estudantado conte con coñecementos básicos de informática, tales como a organización de ficheiros e cartafoles, o uso de ficheiros comprimidos (por exemplo en formato .zip), a comprensión das extensións de ficheiro, así como certa familiaridade coa navegación web e o uso de plataformas dixitais como Moovi. Non se esixe experiencia previa en programación; con todo, valorarase unha actitude proactiva cara á aprendizaxe no uso do computador e a xestión do seu sistema de ficheiros.

Directrices para o estudo:
- Asistir ás clases.
- Realizar os exercicios nas prácticas.
- Revisar a bibliografía e recursos web.

Propostas de mellora e recuperación:
- Os estudantes que teñan problemas para seguir o ritmo de aprendizaxe da materia deben asistir ás tutorías co profesorado e ampliar o tempo dedicado á aprendizaxe independente e autónoma.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Expresión gráfica: Expresión gráfica** | | | | |
| Materia | Expresión gráfica:<br>Expresión gráfica | | | |
| Código | O07G410V01105 | | | |
| Titulación | Grao en<br>Enxeñaría<br>Aeroespacial | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Deseño na enxeñaría | | | |
| Coordinador/a | Riol Cañedo, José Carlos | | | |
| Profesorado | Pérez Vallejo, Javier<br>Riol Cañedo, José Carlos | | | |
| Correo-e | jriol@uvigo.es | | | |
| Web | http://aero.uvigo.es/gl/ | | | |
| Descrición xeral | O obxectivo principal da materia é formar ao alumnado para xestionar e aproveitar os sistemas e técnicas de representación máis empregados na actualidade pola industria aeroespacial, que se basean na xeometría, xa sexa: métrica, proxectiva, analítica, descritiva ou computacional.<br>O coñecemento dos métodos de xeración de formas, as súas propiedades e a súa xestión en diversos contextos da enxeñaría, tanto no plano como no espazo 3D, require un adecuado desenvolvemento das capacidades de análise, síntese e visualización (abstracción e idealización), así como a utilización. da linguaxe gráfica.<br>A normalización, necesaria para a definición exhaustiva de formas, compoñentes, obxectos, mecanismos ou instalacións, nos respectivos proxectos, require o coñecemento das normas básicas relativas a formatos, liñas, modos de representación, dimensións, símbolos e todo tipo de especificacións xeométricas do produto (GPS).<br>A formación nunha aplicación gráfica actual que facilite a creación de modelos 3D, os seus respectivos planos, a montaxe de compoñentes, a simulación e o movemento, a interactividade entre diferentes arquivos ou o acotado paramétrico, completa este enfoque. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| C5 | Capacidade de visión espacial e coñecemento das técnicas de representación gráfica, tanto por métodos tradicionais de xeometría métrica e xeometría descritiva, como mediante as aplicacións de deseño asistido por computador. |
| D1 | Capacidade de análise, organización e planificación |
| D3 | Capacidade de comunicación oral e escrita na lingua nativa |
| D4 | Capacidade de aprendizaxe autónoma e xestión da información |
| D6 | Capacidade de comunicación interpersoal |
| D8 | Capacidade de razoamento crítico e autocrítico |

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento da capacidade de análise e interpretación gráfica de enunciados, propiedades e situacións de diversa índole prantexados en contextos de enxenaría. | A1 | C5 | D1<br>D3<br>D6 |
| Desenvolvemento da capacidade de abstracción e idealización. | A1 | C5 | D1<br>D4<br>D8 |
| Coñecemento dos principios xerais sobre deseño xeométrico. | | C5 | D1<br>D3<br>D6<br>D8 |
| Coñecemento das principais ferramentas e técnicas de representación. | A1 | C5 | D4<br>D6<br>D8 |

| Contidos |
|---|
| Tema |

| | |
|---|---|
| TEORÍA | . |
| 1- Introdución á Normalización | 1.1-Gráficos na Enxeñaría para a visualización de datos, a comunicación e a definición formal dos obxectos.<br>1.2-Linguaxe gráfica e Normalización.<br>1.3-Organismos para a normalización.<br>1.4-Normas básicas para a elaboración de planos: formatos, escalas, liñas, vistas e anotacións.<br>1.5-Principios xerais de representación. Elección de vistas e cortes. Normativa.<br>1.6-Sistemas europeo e americano. Adaptación aos sistemas CAD. |
| 2- Curvas planas e as súas aplicacións. | 2.1-Cónicas: propiedades, trazados e aplicacións.<br>2.2-Estudo proxectivo das cónicas<br>2.3-Curvas de rodadura. Aplicacións.<br>2.4-Outras curvas: espirais, envolventes, evolutas, etc. Aplicacións.<br>2.5-Aproximacións poligonais a unha curva plana.<br>2.6-Curvas alabeadas. Triedro intrínseco. A hélice. |
| 3- Fundamentos e Técnicas dos Sistemas de Representación. | 3.1-Fundamentos proxectivos dos sistemas de representación. Tipos de proxección.<br>3.2-Paso dun sistema a outro.<br>3.3-Pares, ternas e cuaternas. Invariantes proxectivos.<br>3.4-Formas proxectivas. Categorías.<br>3.5-Homoloxía e afinidade.<br>3.6-Sistema diédrico: operacións básicas, medida de ángulos e distancias. Intersección.<br>3.7-Sistema axonométrico directo e indirecto. Tipos de axonometría. Proxección oblicua.<br>3.8-Sistema de planos acoutados. Aplicacións: topografía, cubertas, trazado de viais. |
| 4- Visualización e representación de formas corpóreas. | 4.1-Representación de corpos nos diversos sistemas de representación.<br>4.2-Operacións específicas para a obtención de vistas nunha determinada dirección, partes vistas e ocultas, intersección.<br>4.3- Determinación de verdadeiras magnitudes mediante xiros, abatementos e cambios de plano. |
| 5- Superficies regradas e as súas aplicacións | 5.1-Clasificación xeral das superficies.<br>5.2-Superficies regradas: desenvolvibles e alabeadas. Aplicacións.<br>5.3-Superficies curvas. A esfera. Xeodesia.<br>5.4-As cuádricas. Aplicacións.<br>5.5-Intersección entre superficies.<br>5.6-Superficies poliédricas. Tipos, características, elementos de simetría e representación.<br>5.7-Agrupamento de poliedros e compartimentación do espazo. |
| 6- Elementos e Formas de Acotación | 6.1-Acotación. Elementos básicos.<br>6.2-Principios xerais de acotación. Sistemas de referencia.<br>6.3-Elementos roscados.<br>6.4-Tipos de acotación. Criterios.<br>6.5-Normativa básica.<br>6.6-Acotación funcional.<br>6.7-Tolerancias dimensionais. Axustes. Casos.<br>6.8-Tolerancias xeométricas. Especificacións nos debuxos.<br>6.9-Acabados superficiais. Especificacións. |
| 7- Representación de Elementos Normalizados e Conxuntos | 7.1-Representación e utilización de compoñentes normalizados nos mecanismos. Elementos de unión. Elementos de transmisión. Outros.<br>7.2-Debuxos de conxunto. Características.<br>7.3-Especificacións nos debuxos de conxunto.<br>7.4-Lista de pezas.<br>7.5-O ensamblado 3D no ordenador, establecemento de relacións entre compoñentes, animacións, estudos de movemento e simulacións. |
| 8- Fundamentos de simboloxía e representacións esquemáticas para Enxeñaría | 8.1-Simboloxía en Enxeñaría. Iconicidade.<br>8.2-Representacións esquemáticas.<br>8.3-Aplicacións: mecánica, electricidade e electrónica.<br>8.4-Normas. |
| PRÁCTICAS. | . |

| | |
|---|---|
| 1- DESEÑO ASISTIDO POR ORDENADOR | Presentación do programa por parte do profesor o primeiro día. Descrición das principais características e posibilidades da ferramenta. Exercicios orientados ao adestramento e a familiarización cos comandos e funcións fundamentais. Procederase a xeración directa de modelos 3D da que derivarán as vistas e cortes necesarios para a súa definición normalizada en 2D. Finalmente efectúase o ensamblado de compoñentes coas restricciones apropiadas que permiten a animación dos mesmos e a simulación. Ao longo do curso utilizaranse os distintos tipos de cotas (condutoras, conducidas, dependentes de unha ecuación matemática ou dun parámetro, vinculadas, etc.). |
| 2- PRÁCTICAS ORDINARIAS | Comezarase cun repaso das construcións xeométricas básicas, realizado á man, que necesariamente require de traballo na casa.<br>Cada parte teórica será complementada con exercicios a realizar durante as horas de práctica, nas sucesivas semanas, que o discente debe completar na casa. En paralelo realizarase o adestramento na aplicación e iranse resolvendo exercicios no computador de modo que se capacite ao estudantado para elaborar o traballo final no ordenador. |
| 3- TRABALLO PRÁCTICO (TrP) | Proponse a realización dun traballo práctico (TrP) a realizar durante todo o curso, en grupos de 1-3 alumnos, a modo de pequeno proxecto relacionado con mecanismos habituais do entorno da aeronáutica (conxunto, subconxunto ou grupo de compoñentes que desempeñen algunha función relacionada coa temática aeroespacial), no que se refire á súa definición gráfica. A complexidade pode variar segundo a elección de cada grupo. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 0 | 2 | 2 |
| Lección maxistral | 26 | 50 | 76 |
| Prácticas con apoio das TIC | 24 | 36 | 60 |
| Seminario | 0 | 2 | 2 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 0 | 7.5 | 7.5 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2.5 | 0 | 2.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Presentación da materia na data establecida polo Centro.<br>Aspectos a repasar e refrescar sobre conceptos fundamentais e construcións xeométricas básicas, a realizar na casa a primeira semana do curso. |
| Lección maxistral | Sesión maxistral activa na que cada unidade temática será presentada polo profesor e complementada cos comentarios dos estudantes, baseados na bibliografía xeral que se facilita e noutra específica que se poda engadir para cada tema particular. |
| Prácticas con apoio das TIC | As prácticas presenciais complemetaranse con exercicios a resolver na casa, de maneira individual ou colectiva, á man e/ou con ordenador, orientados á aplicación da teoría e a acadar destreza tanto na utilización das ferramententas tradicionais como automatizadas o que implica a utilización das TICs. Habilitarase un espazo a tal fin en moovi. |
| Seminario | Para orientación e seguimento do traballo práctico, formación de grupos e resolución de dúbidas. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Exercicios curtos, prantexados semanalmente, a resolver polo alumno na casa; así como un traballo a desenvolver durante o curso para entregar ó remate, consistente na creación dos compoñentes e ensamblado dos mesmos para configurar o mecanismo. |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Seminario | Selección do traballo a desenvolver, coa guía do profesor e respostas ás dúbidas. As sesións de titoría deben solicitarse enviando un correo electrónico ao profesor a jriol@uvigo.gal. |
| Actividades introdutorias | Repaso de cuestións básicas, incluso con algunha clase presencial extra, voluntaria, para os que non cursaran as materias previas no bacharelato. |

**Avaliación**

| Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Lección maxistral | Exame ordinario con preguntas de desenvolvemento de teoría e exercicios prácticos, sobre dos contidos tratados nas distintas sesións, a realizar:<br><br>O primeiro exame, arredor da semana 7, abrangue os temas 1-4 (30 %).<br><br>O exame final, na data fixada polo centro, inclúe o segundo exame, que abrangue os temas 5-8 (30 %), ademais da oportunidade de repetir ou mellorar o primeiro exame. | 60 | A1 | C5 | D1<br>D3<br>D4<br>D6<br>D8 |
| Prácticas con apoio das TIC | Avaliación das prácticas realizadas semanalmente, que se completan na casa. Publicaranse informes periódicos coas calificacións obtidas. | 30 | A1 | C5 | D1<br>D4<br>D6 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Avaliación dun traballo realizado durante o curso, consistente no deseño de compoñentes, ensamblado dos mesmos e simulación do mecanismo. | 10 | | C5 | D1<br>D3<br>D4<br>D8 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

A avaliación continua incluirá todo o traballo desenvolvido de modo presencial e non presencial das actividades individuais ou grupais programadas (neste último caso a nota será individual para cada compoñente do grupo). É obrigatoria a asistencia mínima ao 80% das sesións de prácticas.

A metade de curso (aproximadamente na semana 7ª) se realizará un exame parcial (30% da nota total). A cualificación desta primeira parte será a obtida neste exame parcial ou ben na recuperación desa mesma parte no exame final. A cualificación da segunda parte será a obtida no exame final desa parte (30% da nota total). O 40% restante da nota total, segundo a metodoloxía anteriormente exposta, se obterá por todas as prácticas e traballos realizados durante o curso nas porcentaxes indicadas.

No sistema de avaliación continua, a materia supérase ao alcanzar o 50% da puntuación máxima en cada un dos exames e das dúas partes que compoñen os contidos da materia, da nota media das prácticas con apoio do TIC e da nota do traballo realizado ao longo do curso.

O/A estudante ten dereito a optar pola avaliación global segundo o procedemento e o prazo que estableza o Centro para cada convocatoria. Nesta avaliación global,  no caso de non seguir o proceso de avaliación continua, o/a estudante poderá presentarse só ao exame final da materia, podendo nese caso completarse devandito exame cunha parte correspondente ás prácticas que ponderara con o 30% da nota e con outra parte correspondente á resolución de problemas de forma autónoma que se ponderará con un 10% e que tratará sobre os procedementos gráficos necesarios para configurar con CAD 3D un debuxo ou conxunto mecánico. Neste caso de avaliación global, a súa cualificación será a obtida en devandito exame e para aprobar a materia é necesario obter polo menos un 50% da puntuación máxima nas tres partes do exame. As partes correspondentes ás prácticas (30%) e resolución de problemas de forma autónoma (10%) si se aprobaron durante os últimos dous cursos, non será necesaria a súa realización no exame global e a cualificación da materia será a obtida en devandito exame sen elas.

Os resultados obtidos nas probas intermedias non teñen ningunha repercusión máis alá da avaliación continua en primeira oportunidade.

Os alumnos que non superen a materia na primeira oportunidade deberán realizar unha proba final de segunda oportunidade, que contemplará a totalidade dos contidos da materia, tanto teóricos como prácticos, e que poderá incluír probas de resposta curta, de resposta longa, resolución de problemas e desenvolvemento de supostos prácticos. Este sistema de proba será o mesmo para a convocatoria de Fin de Carreira.

Datas de avaliación: segundo o calendario de exames aprobado oficialmente pola Xunta de Escola, que se publica na súa páxina web: http://aero.uvigo.es/gl/docencia/exames. A parte práctica, de ser o caso, poderá requirir algún tipo de proba á marxe de tales datas.

Uso da IA: Non está permitido o uso da IA (Intelixencia Artificial) en ningunha actividade entregable da materia. Ante indicios fundados de uso indebido da IA, podranse inadmitir traballos, solicitar probas adicionais ou remitir o caso ao procedemento disciplinario correspondente.

Compromiso ético: Espérase que o estudante presente un comportamento ético adecuado.

Durante as probas da materia non está permitido na aula ningún tipo de reloxos, dispositivos que emitan ou reciban radiofrecuencias, teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico, agás os explicitamente aprobados pola

dirección da escola por razóns médicas de xeito individual, na correspondente resolución á solicitude de adaptación do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo. Durante as probas todo o estudantado deberá manter os pavillóns auditivos despexados para verificar que non usan dispositivos non permitidos.

No caso de que se detecte algún alumno ou alumna con material non permitido durante calquera proba, copiando, tentando copiar ou
simplemente co material na aula, será motivo de medida disciplinaria. Despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e a súa avaliación final será de 0 puntos (SUSPENSO) e o feito será comunicado á Dirección do Centro para os efectos oportunos..

**Bibliografía. Fontes de información**

**Bibliografía Básica**

AENOR, **Normas varias, actualizadas**, Segundo cada norma, Biblioteca/Norweb,

Félez Mindán, J., **Ingeniería Gráfica y Diseño**, Síntesis D.L., 2008

Izquierdo Asensi, F., **Geometría Descriptiva Superior y Aplicada**, 6ª, Ed. Dossat, 2013

**Bibliografía Complementaria**

Félez Mindán, J., **Dibujo Industrial**, 3ª, Ed. Síntesis, 2000

Izquierdo Asensi, F., **Geometría Descriptiva**, 24ª, Ed. Paraninfo, 2000

Prieto Alberca, M., **Geometría Aplicada al Diseño**, ADI, 2010

Company, P.; Vergara, M; Mondragón, S., **Dibujo Industrial**, Universitat Jaume I, 2007

**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Dirección e xestión de proxectos/O07G410V01701

**Outros comentarios**

A conveniencia de:
1) ter cursado as materias de "Debuxo Técnico" no bacharelato de Ciencias e Tecnolóxico como parte introductoria, para facilitar o proceso de aprendizaxe;
2) menos importante, ter utilizado programas CAD en cursos previos.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Matemáticas: Cálculo II** | | | | |
| Materia | Matemáticas:<br>Cálculo II | | | |
| Código | O07G410V01201 | | | |
| Titulación | Grao en<br>Enxeñaría<br>Aeroespacial | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly<br>Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Matemática aplicada II | | | |
| Coordinador/a | Cid Iglesias, María Begoña | | | |
| Profesorado | Area Carracedo, Iván Carlos<br>Cid Iglesias, María Begoña | | | |
| Correo-e | bego@dma.uvigo.es | | | |
| Web | http://aero.uvigo.es/es/ | | | |
| Descrición xeral | O obxectivo da materia é que o estudantado coñeza e domine as técnicas básicas do cálculo integral, cálculo vectorial, ecuacións diferenciais ordinarias e as súas aplicacións, necesarias tanto para outras materias da titulación como para o exercicio profesional.<br><br>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado:<br>a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés,<br>b) atender as titorías en inglés,<br>c) probas e avaliacións en inglés. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2 | Planificación, redacción, dirección e xestión de proxectos, cálculo e fabricación no ámbito da enxeñaría aeronáutica que teñan por obxecto, de acordo cos coñecementos adquiridos segundo o establecido no apartado 5 da orde CIN/308/2009, os vehículos aeroespaciais, os sistemas de propulsión aeroespacial, os materiais aeroespaciais, as infraestruturas aeroportuarias, as infraestruturas de aeronavegación e calquera sistema de xestión do espazo, do tráfico e do transporte aéreo. |
| C1 | Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que poidan exporse na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: álxebra lineal; xeometría; xeometría diferencial; cálculo diferencial e integral; ecuacións diferenciais e en derivadas parciais; métodos numéricos; algorítmica numérica; estatística e optimización. |
| C32 | Coñecemento adecuado e aplicado á Enxeñaría de: Os métodos de cálculo e de desenvolvemento dos materiais e sistemas da defensa; o manexo das técnicas experimentais, equipamento e instrumentos de medida propios da disciplina; a simulación numérica dos procesos físico-matemáticos máis significativos; as técnicas de inspección, de control de calidade e de detección de fallos; os métodos e técnicas de reparación máis adecuados. |
| D1 | Capacidade de análise, organización e planificación |
| D3 | Capacidade de comunicación oral e escrita na lingua nativa |
| D4 | Capacidade de aprendizaxe autónoma e xestión da información |
| D5 | Capacidade de resolución de problemas e toma de decisións |
| D6 | Capacidade de comunicación interpersoal |
| D8 | Capacidade de razoamento crítico e autocrítico |

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| RA1: Coñecemento e comprensión dos principais conceptos e técnicas do cálculo integral en varias variables. | A1 | B2 | C1<br>C32 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D6<br>D8 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| RA2: Coñecemento e comprensión dos modelos que adoptan a forma de ecuacións diferenciais ordinarias e as principais técnicas elementares de integración. | A1 | B2 | C1<br>C32 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D6<br>D8 |
| RA3: Coñecemento, comprensión e aplicación dos métodos numéricos de resolución dos modelos e problemas típicos da tecnoloxía aeroespacial; en concreto, a interpolación polinómica, a derivación numérica e a resolución de ecuacións diferenciais ordinarias. | A1 | B2 | C1<br>C32 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D6<br>D8 |

| **Contidos** | |
|---|---|
| Tema | |
| Integración múltiple. | Integrais múltiples.<br>Teorema de Fubini.<br>Cambio de variable. |
| Integración sobre curvas e superficies. | Campos vectoriais.<br>Integración sobre curvas.<br>Integración sobre superficies. |
| Teoremas clásicos da Análise Vectorial. | Teoremas de Green, Stokes e Gauss. |
| Ecuacións diferenciais ordinarias. | Introducción ás ecuacións diferenciais ordinarias. Existencia e unicidade.<br>Métodos analíticos de resolución de ecuacións diferenciais ordinarias de primeira orde.<br>Métodos analíticos de resolución de ecuacións diferenciais ordinarias de segunda orde. |
| Sistemas lineares e sistemas con coeficientes constantes. | Sistemas lineares e sistemas con coeficientes constantes. |
| Resolución numérica de ecuacións diferenciais ordinarias. | Resolución numérica de ecuacións diferenciais ordinarias. |
| Interpolación numérica. | Interpolación polinómica. |

| **Planificación** | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Actividades introdutorias | 1 | 0 | 1 |
| Lección maxistral | 28 | 56 | 84 |
| Resolución de problemas | 15 | 15 | 30 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 0 | 14.5 | 14.5 |
| Prácticas con apoio das TIC | 6 | 12 | 18 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2.5 | 0 | 2.5 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado. | | | |

| **Metodoloxía docente** | |
|---|---|
| | Descrición |
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o estudantado, así como a presentar a materia. |
| Lección maxistral | O profesorado exporá nas clases teóricas os contidos da materia. Os e as estudantes terán textos básicos de referencia para o seguimento da materia. |
| Resolución de problemas | Plantexamento, análise, resolución e debate de problemas ou exercicios relacionados coa materia impartida, tanto por parte do docente como dos e das estudantes. Para ilustrar e completar a explicación de cada lección e para axudar a que o estudantado adquira as capacidades necesarias. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | O estudantado terá que resolver exercicios de forma autónoma para comprobar a adquisición das competencias. |
| Prácticas con apoio das TIC | Utilizaranse ferramentas informáticas para resolver problemas e exercicios e aplicar os coñecementos obtidos nas clases de teoría. O estudantado terá que resolver exercicios similares para adquirir as capacidades necesarias. |

| **Atención personalizada** | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |

| | |
|---|---|
| Lección maxistral | O profesorado atenderá persoalmente as dúbidas e consultas do estudantado. Atenderanse dúbidas en forma presencial, en especial durante as clases de problemas, prácticas en aula de informática e en titorías, e de forma non presencial, polos sistemas telemáticos dispoñibles para a materia. |
| Resolución de problemas | O profesorado atenderá persoalmente as dúbidas e consultas do estudantado. Atenderanse dúbidas de forma presencial, en especial durante as clases de problemas, prácticas en aula de informática e en titorías, e de forma non presencial polos sistemas telemáticos dispoñibles para a materia. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | O profesorado atenderá persoalmente as dúbidas e consultas do estudantado. Atenderanse dúbidas de xeito presencial, en especial durante as clases de problemas e laboratorio e en titorías, e de forma non presencial polos sistemas telemáticos dispoñibles para a materia. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Resolución de problemas | Realización de dúas probas escritas e/ou traballos para avaliar a resolución de exercicios e/ou problemas de forma autónoma. Cada proba terá un peso do 25% na nota final.<br>RA1, RA2 | 50 | A1 | B2 | C1<br>C32 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D6<br>D8 |
| Prácticas con apoio das TIC | Asistencia e realización correcta das prácticas mediante programas informáticos.<br>RA3 | 10 | | | C1 | D1<br>D4<br>D5<br>D8 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Realización dun exame final no que se recollen os contidos correspondentes ás sesións maxistrais e á resolución de problemas.<br>RA1, RA2 | 40 | A1 | B2 | C1<br>C32 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D8 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

A modalidade de avaliación preferente é a avaliación continua. O/a estudante ten dereito a optar pola avaliación global (o 100% da cualificación na data oficial) segundo o procedemento e o prazo que estableza o centro para cada convocatoria.

En calquera convocatoria é necesario obter un 5 para aprobar a materia. Cada exame puntuará sobre 10. Dado que a materia ten dúas partes ben diferenciadas, será necesario ter un mínimo de 2 sobre 5 en cada parte. No caso de obter unha nota inferior a 2 puntos nalgunha das partes, a nota final que figurará na acta será como máximo 4.8 puntos. (*)

A duración máxima de calquera exame será de 3 horas.

**Avaliación segunda oportunidade:**

Realización dun exame no que se avaliarán os resultados de aprendizaxe e a obtención das competencias sinaladas na guía docente. O exame proporcionará o 100% da cualificación. No caso de ter obtido un mínimo de 3 puntos nunha parte (e non ter logrado 2 puntos na outra parte), o estudantado pode optar por realizar unicamente a parte suspensa ou o exame completo. Será de aplicación igualmente o criterio indicado en (*).

**Procedemento de avaliación global (calquera convocatoria):**

A convocatoria de Fin de Carreira segue o procedemento de avaliación global.

Realización dun exame no que se avaliarán os resultados de aprendizaxe e a obtención das competencias sinaladas na guía docente. O exame proporcionará o 100% da cualificación. Será de aplicación igualmente o criterio indicado en (*).

**Datas de avaliación:**

O calendario de probas de avaliación aprobado oficialmente pola Xunta de Centro da EEAE atópase publicado na páxina web http://aero.uvigo.es/gl/docencia/exames.

**Compromiso ético**

Durante as probas da materia non está permitido na aula ningún tipo de reloxos, dispositivos que emitan ou reciban radiofrecuencias, teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico, agás os explicitamente aprobados pola dirección da escola por razóns médicas de xeito individual, na correspondente resolución á solicitude de adaptación do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo. Durante as probas todo o estudantado deberá manter

os pavillóns auditivos despexados para verificar que non usan dispositivos non permitidos.

No caso de que se detecte algún alumno ou alumna con material non permitido durante calquera proba, copiando, tentando copiar ou simplemente co material na aula, será motivo de medida disciplinaria. Despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e a súa avaliación final será de 0 puntos.
O profesorado poderá empregar dispositivos de detección de radiofrecuencias durante as probas, previo aviso.
Calquera uso da IA en traballos académicos debe ser declarado, indicando a ferramenta utilizada, a función realizada e o alcance da súa intervención e que parte do traballo é de autoría propia. Ante indicios fundados de uso indebido da IA o profesorado pode inadmitir traballos, solicitar probas adicionais ou remitir o caso ao procedemento administrativo disciplinario correspondente.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

E. Marsden, A.J. Tromba, **Cálculo Vectorial**, Pearson, 2004
R. Larson, B.H. Edwards, **Cálculo 2 de varias variables**, 10ª, McGraw-Hill, 2016
G.F. Simmons, **Ecuaciones Diferenciales con aplicaciones y notas históricas**, McGraw-Hill, 1993

### Bibliografía Complementaria

A. García et al., **Cálculo II**, CLAGSA, 2002
D.G. Zill, **Ecuaciones diferenciales con aplicaciones de modelado**, 9ª, International Thomson Edit., 2009
A. García et al., **Ecuaciones diferenciales ordinarias**, CLAGSA, 2006
D. Kincaid, W. Cheney, **Análisis numérico: las matemáticas del cálculo científico**, Addison-Wesley Iberoamericana, 1994

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Matemáticas: Métodos matemáticos/O07G410V01301

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Física: Física II/O07G410V01202

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Física: Física I/O07G410V01103
Matemáticas: Cálculo I/O07G410V01101
Matemáticas: Álxebra lineal/O07G410V01102

### Outros comentarios

Recoméndase acudir a clase e traballar os contidos semanalmente.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Física: Física II** | | | | |
| Materia | Física: Física II | | | |
| Código | O07G410V01202 | | | |
| Titulación | Grao en<br>Enxeñaría<br>Aeroespacial | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly<br>Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Física aplicada | | | |
| Coordinador/a | Salgueiro Piñeiro, José Ramón | | | |
| Profesorado | Michinel Álvarez, Humberto Javier<br>Salgueiro Piñeiro, José Ramón | | | |
| Correo-e | jrs@uvigo.es | | | |
| Web | http://aero.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | A materia de Física II está orientada fundamentalmente a dotar aos estudantes da formación e competencias básicas na área do electromagnetismo e termodinámica básica, cubrindo os seus principais aspectos teóricos e prácticos.<br><br>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés. | | | |

| Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2 | Planificación, redacción, dirección e xestión de proxectos, cálculo e fabricación no ámbito da enxeñaría aeronáutica que teñan por obxecto, de acordo cos coñecementos adquiridos segundo o establecido no apartado 5 da orde CIN/308/2009, os vehículos aeroespaciais, os sistemas de propulsión aeroespacial, os materiais aeroespaciais, as infraestruturas aeroportuarias, as infraestruturas de aeronavegación e calquera sistema de xestión do espazo, do tráfico e do transporte aéreo. |
| C2 | Comprensión e dominio dos conceptos básicos sobre as leis xerais da mecánica, termodinámica, campos e ondas e electromagnetismo e a súa aplicación para a resolución de problemas propios da enxeñaría. |
| D1 | Capacidade de análise, organización e planificación |
| D3 | Capacidade de comunicación oral e escrita na lingua nativa |
| D4 | Capacidade de aprendizaxe autónoma e xestión da información |
| D5 | Capacidade de resolución de problemas e toma de decisións |
| D6 | Capacidade de comunicación interpersoal |
| D8 | Capacidade de razoamento crítico e autocrítico |

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| Coñecemento, comprensión, dos principios básicos da Física e a súa aplicación á análise e á resolución de problemas de enxeñaría | A1 | B2 | C2 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D6<br>D8 |
| Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios do electromagnetismo, incluíndo a electrostática, a magnetostática e as ecuacións de Maxwell. | A1 | | C2 | D5<br>D8 |
| Coñecemento, comprensión e aplicación das leis xerais da Termodinámica clásica, introducindo o concepto de equilibrio termodinámico e as magnitudes termodinámicas máis importantes. | A1 | | C2 | D5<br>D8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Tema | |
| Presentación do curso e introdución histórica | Introdución histórica. |

| | |
|---|---|
| Campos escalares e vectoriais | Sistemas de coordenadas en dúas e tres dimensións. Concepto de campo. Operadores vectoriais. Gradiente dun escalar. Circulación dun vector. Fluxo. Diverxencia. Teorema da diverxencia. Rotacional. Teorema de Stokes. |
| Electrostática | Carga e densidade de carga. Lei de Coulomb. Campo electrostático. Fluxo do campo electrostático. Lei de Gauss. Potencial electrostático. Ecuacións de Poisson e Laplace. Enerxía do campo electrostático. Desenvolvemento multipolar do potencial. Dipolos. Condutores e dieléctricos. Electrostática en presenza de materia. Capacitores. |
| Corrente eléctrica | Corrente e densidade de corrente. Ecuación de continuidade. Lei de Ohm. Condutividade e resistividade. Asociación de resistencias. Forza electromotriz. Circuíto eléctrico. Potencia e enerxía. Fontes de tensión e corrente. Medida de voltaxes, correntes e resistencias. Leis de Kirchhoff e análise de circuítos. Teoremas de superposición, Thévenin e Norton. |
| Magnetostática | Introdución ao campo magnético. Forza entre correntes. Indución magnética. Forza de Lorentz. Lei de Biot e Savart. Fluxo magnético. Lei circuital de Ampère. Potencial vector. Desenvolvemento multipolar do potencial vector. Dipolos magnéticos. Momento dipolar magnético. Magnetismo en presenza de materia. Respostas magnéticas dos materiais. Campo magnético. Ciclos de histérese. |
| Introdución á Electrodinámica | Lei de indución de Faraday. Indutancia. Xeradores, motores e transformadores. Enerxía magnética. Corrente de desprazamento de Maxwell. Ecuacións de Maxwell. Enerxía e momento do campo electromagnético. |
| Corrente alterna | Reactancias capacitiva e indutiva. Impedancia. Potencia media e eficaz. Magnitudes complexas. Circuíto RLC serie e paralelo. Resonancia. Factor de calidade. Potencia aparente e reactiva. Réximes transitorios. |
| Introdución ós fenómenos ondulatorios | Ondas unidimensionais. Ecuación escalar de onda. Ondas harmónicas. Notación complexa. Ondas tridimensionais. Enerxía transportada por unha onda. Principio de Huygens. Fenómenos ondulatorios. Superposición de ondas de diferente frecuencia. Velocidade de grupo. |
| Ondas electromagnéticas | Ecuación de ondas electromagnéticas. Experimento de Hertz. Espectro electromagnético. Propagación de ondas electromagnéticas. Enerxía electromagnética. Magnitudes e unidades radiométricas. Polarización de ondas electromagnéticas. Fenómenos ondulatorios: interferencia e difracción. |
| Introdución á Termodinámica. Lei cero. | Introdución histórica. Conceptos fundamentais. Equilibrio térmico. Temperatura. Medida da temperatura: escalas termométricas. Tipos de termómetros. |
| Primeira lei da termodinámica | Traballo. Concepto de calor. Enerxía interna. Capacidade calorífica. Calor latente. |
| Segunda lei da termodinámica | Máquinas térmicas e frigoríficas. Enunciados da segunda lei da termodinámica. Ciclo de Carnot. Teorema de Carnot. Escala termodinámica de temperaturas. Entropía. Principio de aumento de entropía. Terceiro principio da termodinámica. Ecuacións fundamentais e ecuacións de estado. |
| Gases ideais | Definición de gas ideal. Ecuación de estado. Experimento de Joule. Lei de Mayer. Procesos isócoros, isobáricos, isotérmicos e adiabáticos para un gas ideal. Pendente de isotermas e adiabáticas. |
| Prácticas de laboratorio | Medida de propiedades electromagnéticas básicas con multímetro e osciloscopio. Medida da capacidade dun condensador. Medida da forza de Laplace. Bobinas de Helmholtz. Medida do campo magnético terrestre. Momento magnético. Indución electromagnética. Circuítos. Ecuación de estado dos gases ideais. |

| **Planificación** | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Lección maxistral | 20 | 40 | 60 |
| Prácticas de laboratorio | 12 | 18 | 30 |
| Resolución de problemas | 7 | 10.5 | 17.5 |
| Actividades introdutorias | 1 | 0 | 1 |
| Seminario | 10 | 15 | 25 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2.5 | 0 | 2.5 |
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas | 0 | 14 | 14 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|---|---|
| | Descrición |
| Lección maxistral | Clases dunha hora de duración nas que o profesorado expón de maneira ordenada os principais conceptos teóricos da materia. |
| Prácticas de laboratorio | Desenvolvemento de experimentos en laboratorio que ilustran os principais conceptos teóricos desenvolvidos previamente nas sesións maxistrais. |
| Resolución de problemas | Resolución de exercicios seleccionados semellantes aos que o estudantado afrontará máis adiante de xeito autónomo. |
| Actividades introdutorias | Presentación da asignatura e do profesorado involucrado nela. Presentación do laboratorio. |
| Seminario | Plantexamento, discusión e resolución de cuestións e problemas, en relación cos conceptos teóricos desenvolvidos previamente nas sesións maxistrais. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Prácticas de laboratorio | O profesorado explica de maneira individualizada o desenvolvemento das prácticas a realizar no laboratorio. |
| Lección maxistral | O profesorado supervisa de maneira individualizada a correcta asimilación dos conceptos teóricos desenvolvidos nas sesións maxistrais. |
| Seminario | O profesorado supervisa de maneira individualizada a correcta resolución dos problemas propostos nas clases de seminarios. |
| Actividades introdutorias | Presentación conxunta das asignaturas ao comenzo do curso. |
| Resolución de problemas | O profesorado resolve problemas tipo de dificultade similar aos que serán abordados máis adiante polos/as estudantes de xeito autónomo, con atención ás cuestións formuladas individualmente polo estudantado. |

| Avaliación | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Dous exames de resolución celebrados ó longo do cuadrimestre así coma un exame final, que incluirán problemas e cuestións sobre os contidos da asignatura. Os tres exames suporán un 70% da cualificación total da asignatura. Teranse en conta só os dous exames que acaden a cualifación máis alta (cada un deles suporá un 35% da cualificación total da asignatura).<br>Asimesmo inclúense outras pequenas probas e tarefas derivadas de actividades na aula, susceptibles de ser avaliadas ata un 10% da cualificación total e que non serán recuperables. | 80 | A1 | C2 | D1<br>D3<br>D8 |
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas | Asistencia e realización de actividades no laboratorio (10%). Elaboración posterior dun informe sobre as actividades de laboratorio e dun traballo/proxecto (10%). A contribución desta parte da avaliación non será recuperable. | 20 | B2 | C2 | D1<br>D3<br>D4<br>D5<br>D6<br>D8 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

Non se establece cualificación mínima para ningunha das probas de avaliación contínua.

Compromiso do/da estudante coa avaliación continua: este compromiso materialízase pola asistencia do/da estudante ós dous exames repartidos ó longo do cuadrimestre así como pola asistencia ó exame final. Será necesaria a asistencia a dous dos tres exames. O/A estudante que non se presente alomenos a dous dos exames recibirá a cualificación de "non presentado".

No caso que os/as estudantes asistan ós tres exames, a cualificación máis baixa acadada non se terá en conta. As dúas cualificacións computables contarán un 35% do total da asignatura cada unha delas. O resto da cualificación se obterá das prácticas de laboratorio (20%) e das tarefas e probas derivadas das actividades na aula (10%).

Avaliación de segunda oportunidade e avaliación de fin de carreira: farase do mesmo xeito que a avaliación da primeira oportunidade, pero na data establecida oficialmente para cada unha das convocatorias.

Avaliación global:

Os/as estudantes teñen dereito a optar pola avaliación global segundo o procedemento e o prazo que estableza o centro

para cada convocatoria.

Os/as estudantes que opten por esta modalidade farán un exame que abarque os contidos de toda a materia e que pode conter preguntas ou exercicios relativos ás prácticas de laboratorio.

Datas de avaliación: o calendario de exames atópase publicado na páxina web https://aero.uvigo.es/gl/docencia/exames/

